

1. INTRODUCCIÓN

A Pedro Ordás de la Fuente –personaxe descoñecido nos libros de historia– correspóndelle a dubidosa honra de ser o primeiro galego xulgado e condenado polo Tribunal de Orde Pública. Nado na Coruña en 1918, casado e ferroviario de profesión, Ordás de la Fuente residía en Xixón cando foi detido pola Brigada de Investigación Social o 21 de agosto de 1963, acusado dun delito de propaganda ilegal. Permaneceu en prisión provisional até a celebración do xuízo en Madrid, case un ano despois. Xunto a el foron levados ao banco dos acusados tres asturianos (Ángel González Álvarez, especialista; José Luis Mariño López, acomodador; e Antonio Solís Álvarez, industrial) e un andaluz, de Nerva, chamado Antonio Bermejo Perea, metalúrxico, que antes de ser detido decidiu fuxir e foi declarado en situación de rebeldía. Todos eles pertencían á Confederación Nacional del Trabajo (CNT).

O tribunal que xulgou a súa causa, contida no sumario 27/1964, estivo presidido por Enrique Amat Casado, axudado polos maxistrados Antonio Torres-Dulce Ruiz e José Francisco Mateu Cánoves, que actuou como relator. Manuel Meana García levou a defensa do anarcosindicalista galego.

En definitiva, tratábase de xulgar a entrega dun paquete que contiña diversos exemplares da publicación *CNT* que, segundo resultou probado, José Luis Mariño recibira de mans de Pedro Ordás. A sentenza foi lida o 11 de xuño de 1964 na capital do Estado, e nela queda patente que os cinco procesados eran “desafectos al actual régimen político español” e cualifícanse os feitos como constitutivos dun delito de propaganda ilegal, comprendido no artigo 251 do texto refundido do Código Penal de 1963. É preciso engadir, ademais, a militancia dos axuizados nunha “asociación ilegal en España, de tipo subversivo”, cuxa finalidade era “destruir la organización política, social, económica y jurídica del Estado (...)”. Pedro Ordás de la Fuente foi condenado á pena dun ano e seis meses de prisión menor e a aboar unha multa de dez mil pesetas¹.

1 Tribunal de Orde Pública (en diante, TOP). Sumario 27/1964, sentenza n. 22. José Luis Mariño López foi condenado a dous anos de prisión menor e multa de dez mil

No extremo cronolóxico oposto ao caso que acabamos de relatar, e por tanto moito máis preto no tempo, atopamos o labrego José Carrillo Rebón, o derradeiro galego vítima da xurisdición especial do TOP. Mais, ao igual que sucede con Pedro Ordás, tamén José Carrillo é un perfecto descoñecido. Un de tantos. Nacido na parroquia de Soandres, no concello coruñés da Laracha, Carrillo Rebón tiña 46 anos de idade cando escoitou o 12 de novembro de 1976 a condena imposta tras ser acusado dun delito de posesión ilícita de armas.

O anteriormente mencionado Mateu Cánoves ocupaba agora a presidencia da sala, asistido polos maxistrados Fernando Méndez Rodríguez e Fernando Cid Fontán. A defensa do acusado correspondeulle a Juan Morros Sardá.

A Carrillo Rebón foille atopada a finais de 1975 unha pistola marca “Guerre Herstal”, de fabricación belga e calibre 6’35, en perfectas condicións de funcionamento cando carecía de toda documentación legal para a súa posesión. O artigo 254 do Código Penal non deixou lugar para dúbidas e o labrego de Soandres foi condenado a seis meses e un día de prisión menor coas accesorias de suspensión de todo cargo, profesión ou oficio e dereito de sufraxio durante o tempo de condena, así como ao pagamento das costas procesuais².

Entre un e outro proceso, case medio milleiro de homes e mulleres de Galiza foron vítimas das actividades do Tribunal de Orde Pública, unha xurisdición especial formada polo Xulgado e o Tribunal do mesmo nome que foi creada pola Lei 154/1963 do 2 de decembro, malia que non comezou a funcionar até marzo de 1964³, coincidindo coa celebración dos “XXV Anos de Paz” que con tanto entusiasmo impulsou Manuel Fraga Iribarne, daquela ministro de Información e Turismo aínda non convertido en fervoroso demócrata. Durante trece anos, até a súa derrogación en

pesetas. Ángel González Álvarez recibiu a pena dun ano de prisión menor e idéntica multa. Antonio Solís e Antonio Bermejo resultaron absolutos.

2 TOP (Madrid). Sumario 283/1976, sentenza n. 186.

3 A primeira persoa xulgada no Estado español polo TOP chamábase Timoteo Buendía Gómez. Este albanel berrou nunha cafetaría madrileña “¡Me cago en Franco!” cando viu pola televisión a imaxe do ditador. Acusado de injurias contra o xefe do Estado, foi condenado a dous anos de prisión menor.

xaneiro de 1977⁴, o TOP exerceu os labores xudiciais de persecución e represión de calquera oposición ao réxime franquista, converténdose nun instrumento básico na defensa da orde política e social saída do golpe de Estado do 18 de xullo de 1936.

Mais, a pregunta fundamental é: que significou o TOP? Se hoxe fixésemos unha enquisa sobre o acrónimo, estamos seguros de que moitas das respostas irían encamiñadas cara a unha famosa película de acción cuxo protagonista foi o actor estadounidense Tom Cruise (*Top Gun*) ou falarían dun dos moitos concursos que hoxe asolagan as pantallas televisivas, como *Top Chef*, o programa de Antena 3TV que xa vai pola cuarta edición.

Así, Francisca Sauquillo –avogada antifranquista que defendeu a ducias de procesados ante aquel tribunal– escribiu no limiar dun libro de Francisco Gor, xornalista que cubriu para *Ya* a información de tribunais, o seguinte texto ben significativo sobre o TOP: “Desgraciadamente, ningún joven hoy, sea periodista, abogado o juez, conoce bien lo que este Tribunal suponía, ya que poco se ha escrito sobre él (...). Es preciso recordar con precisión algunos acontecimientos históricos para que no vuelvan a repetirse”⁵.

O enorme descoñecemento que hoxe oculta as actividades do TOP –ignorancia non só entre as xeracións máis novas– ten moito que ver co contrato de silencio, ocultación e esquecemento que foi tecido no chamado período da Transición española. Un pacto sostido, entre outras cuestións, no beneficio persoal acadado polos propios protagonistas daquela represión política e social: maxistrados, xuíces e fiscais que traballaron arreo no TOP nunca foron molestados, nin sequera interrogados sobre as súas actividades represoras e de complicidade coa ditadura. Así como tampouco foron perturbados os integrantes da temíbel Brigada de Investigación Social, máis coñecida como Brigada Político-Social, que tanto dano e tortura exerceu sobre indefensos opo-

4 O impresor Francisco Meseguer Villordo foi o derradeiro cidadán condenado polo TOP. Detido en Barcelona acusado de tenza ilícita de armas, foi condenado o 20 de decembro de 1976 a catro anos e dous meses de prisión.

5 Francisca Sauquillo, “Cuarenta años atrás que merecen recordarse”, limiar en: Francisco Gor, *Entre Supremo y “Supremo”: historias de los últimos tribunales del franquismo*. Madrid: La Hoja del Monte, 2012, sen paxinar.

sitores antifranquistas mentres eran interrogados nas comisarías do réxime⁶.

Todos eles saíron indemnes daquel tránsito. Nunca foron molestados. Non houbo preguntas e ninguén falou. É máis, moitos daqueles dispensadores da xustiza franquista foron premiados e ascenderon na escala dos seus órganos profesionais e todos encontraron acomodo nas novas instancias democráticas. De feito, dez dos dezaseis xuíces titulares do TOP⁷ convertéronse en maxistrados do Tribunal Supremo ou da Audiencia Nacional, a herdeira daquel. Veláí os citados anteriormente Enrique Amat Casado⁸, José Francisco Mateu Cánoves⁹ e Antonio Torres-Dulce Ruiz, que tras a morte do ditador alcanzaron cargos de alta responsabilidade na maxistratura do Estado. Outros casos similares serían os de José Garralda Valcárcel (xuíz instrutor no TOP e, posteriormente, maxistrado do Supremo), Antonio González Cuéllar e Félix Hernández Gil, ambos os dous fiscais do tribunal franquista que acabaron premiados cun posto no Tribunal Supremo. Outro presidente do TOP, José de Hijas Palacios, alcan-

6 Un caso ben coñecido e significativo foi o de Roberto Conesa. Tras ingresar na policía franquista en 1939, Conesa obtivo o seu primeiro grande éxito coa detención das chamadas “Trece Rosas”, que rematarían fusiladas, e a desarticulación de todo o aparello do Socorro Rojo Internacional en Madrid. En 1942 participou na detención do militante comunista Heriberto Quiñones, posteriormente fusilado. Colaborador da Gestapo, Roberto Conesa fíxose célebre polos brutais métodos de tortura empregados nos interrogatorios aos opositores antifranquistas. Xa en democracia, tras a disolución da Brigada de Investigación Social, Conesa foi chamado polo ministro Rodolfo Martín Villa para ocupar un alto cargo na Brigada Central de Información, antes denominada Comisaría General de Información Social. O alumno máis avanzado de Conesa foi Juan Antonio González Pacheco, alcumado “Billy el Niño”. Sobre esta policía franquista, véxase: Antoni Batista, *La Brigada Social*, Barcelona: Empúries, 1995. Tamén do mesmo autor, *La carta: historia de un comisario franquista*, Barcelona: Debate, 2010.

7 A listaxe completa dos integrantes do TOP aparece ao final deste ensaio.

8 Enrique Amat Casado acadou o posto de maxistrado primeiro no Xulgado Civil número 12 de Barcelona en 1947. Máis tarde traballou como xuíz especial de Vagos e Maleantes en Madrid dende 1958. Foi o primeiro maxistrado presidente do TOP. Rematou xubilado o 12 de agosto de 1982 como maxistrado do Tribunal Supremo. Finou en Madrid o 1 de xaneiro de 1994.

9 Nado en Burgos en 1920, Mateu Cánoves foi o terceiro e último presidente do TOP, entre 1968 e 1977. O 16 de novembro de 1978, sendo maxistrado suplente da Sala Sexta do Tribunal Supremo, foi asasinado na madrileña rúa Claudio Coello nun atentado reivindicado por ETA (m). Oito anos máis tarde, o 26 de xullo de 1986, o seu fillo Ignacio morrerá en idénticas circunstancias en Aretxabaleta (Guipúscoa). Era tenente da Garda Civil.

zou a xubilación en 1984 cando ocupaba a praza de presidente da Sala Segunda do Tribunal Supremo. Tamén foi recompensado cun posto na Audiencia Nacional outro maxistrado que exercera as súas funcións no TOP como xuíz instructor: Jaime Mariscal de Gante. Apelidos que axudan a comprender o noso presente e a entender diferentes aspectos da actual xudicatura que criamos superados coa fin da ditadura.

Así, coincidimos absolutamente co xornalista madrileño Alfredo Grimaldos cando afirma:

“El Tribunal de Orden Público constituye un semillero de magistrados franquistas que continúan ejerciendo su labor durante toda la Transición y prosiguen ascendiendo en sus respectivas carreras, incluso durante la época de las mayorías absolutas del PSOE, ya en los años ochenta”¹⁰.

Unha tese moi similar á expresada por Grimaldos aparece nunha das obras de Alejandro Ruiz-Huerta, avogado laboralista, profesor de Dereito Constitucional en diversas universidades e supervivente da masacre de Atocha do 24 de xaneiro de 1977, cando escribe en relación aos xuíces do TOP o seguinte:

“La incorporación natural al proceso democrático fue tan contundente en la transición, que incluso jueces procedentes del mencionado TOP no solo no fueron depurados, sino que, por el contrario, fueron ascendidos en la estructura de personal”¹¹.

Convén sinalar algo que, con frecuencia, semella anecdótico: todos aqueles profesionais da xustiza franquista xuraron servir a España con absoluta fidelidade ao Caudillo e aos principios do Movemento pois, como sinala un autor ben coñecido, Francisco J. Bastida, aqueles xuíces “se identificaron totalmente con la ideología franquista de unidad espiritual, política, religiosa, sindical, moral y de cualquier índole”¹². Esta afirmación, absolutamente

10 Alfredo Grimaldos, *Claves de la Transición, 1973-1986*, Barcelona: Península, 2013, p. 84.

11 Alejandro Ruiz-Huerta, *Los ángulos ciegos: una perspectiva crítica de la transición española, 1976-1979*, Madrid: Biblioteca Nueva, 2009, p. 227.

12 Francisco J. Bastida, *Jueces y franquismo: el pensamiento del Tribunal Supremo en la dictadura*, Barcelona: Ariel, 1986, p. 17.

rigorosa, pode ser completada coa idea que entón tiña a Escola Xudicial¹³ sobre aqueles avantaxados alumnos que posteriormente formarían parte das máis altas instancias da xudicatura: aqueles homes representaban a milicia do Dereito sempre presta e identificada cos firmes ideais do Novo Estado que Franco estaba a construír¹⁴. Así, todos eles responderon afirmativamente á seguinte fórmula de solemne xuramento:

“¿Juráis ante Dios y los Sagrados Evangelios incondicional adhesión al Caudillo de España, administrar recta e imparcial justicia, obedecer a las leyes y disposiciones referentes al ejercicio del cargo, sin otro móvil que el fiel cumplimiento del deber y del bien de España?”.

De feito, o xa mencionado José de Hijas Palacios –segundo maxistrado-presidente do TOP– publicou en 1964 un libro de obrigada lectura para os futuros profesionais da xudicatura franquista cun título revelador: *Selección, formación y perfeccionamiento del personal judicial y en especial de jueces y magistrados*, tirado do prelo do Ministerio de Xustiza o mesmo ano no que comezaba a súa andaina o tribunal do réxime. Nas súas páxinas podemos ler:

“Los criterios de selección [dos integrantes da xudicatura] han de ser cuidadosos en extremo, porque la tarea es divina (sólo Dios es juzgador de derecho propio)... Moral cristiana, sentido evangélico, siembra de auténtica verdad, para sostener al Juez en sus luchas, sus adversidades y acostumbrarle a ser manantial limpio de aguas justas (...)”¹⁵.

13 Creada pola Lei do 26 de maio de 1944, tras varias reformas pasou a estar rexida polo Decreto do 8 de maio de 1961. A Escola Xudicial seleccionaba ao persoal para o seu ingreso na carreira xudicial ou fiscal, representaba a legalidade vixente e precisaba para o seu ingreso aprobar uns exercicios de oposición que constaban de catro exames e, unha vez superados, tres cursos semestrais.

14 Sobre esta cuestión, véxase o traballo de Vicenç Navarro, recuperado de: <http://vnavarro.org/wp-content/uploads/2010/04/las-derechas-el-fascismo-y-la-judicatura.pdf>.

15 José de Hijas Palacios, *Selección, formación y perfeccionamiento del personal judicial y en especial de jueces y magistrados*, Madrid: Ministerio de Justicia, 1964, pp. 50-51. De Hijas Palacios tamén é autor do coñecido *La justicia y los jueces en la Sagrada Escritura*, Madrid: Ministerio de Justicia, 1960.

Non hai, ou non debería haber, equidistancia cos feitos relatados, independentemente da ignorancia ou da escuridade sobre o pasado recente. Malia isto, todo invita ao descoñecemento. Así, debemos ter presente que nas oposicións a xuíces ou fiscais do Estado que veñen celebrándose dende 1977 non hai nin unha soa liña dos temarios dedicada á represión xurídica, e moito menos á xénese, funcionamento e consecuencias das actividades despregadas polo TOP durante aqueles trece anos. Tampouco o *Diccionario de derecho, economía y política* de Ramón Lacasa Navarro e Isidro Díaz de Bustamante, reeditado en 1986 pola editorial Revista de Derecho Privado, recolle nalgunha das súas entradas o acrónimo malia describir máis de oitenta tribunais españois, moitos deles obviamente desaparecidos.

Estes e outros moitos exemplos amosan en parte o descoñecemento imposto sobre ese instrumento xudicial e institucional que foi o TOP, un organismo creado dende e por o poder político franquista que empregou recursos coercitivos, procesuais e penais cunha única finalidade: institucionalizar a violencia e a represión contra os adversarios políticos ou sociais do franquismo co propósito de esmagar calquera sospeita de disidencia. Nada orixinal se nos remontamos a 1936 e a conseguinte posguerra. Unicamente, unha leve maquillaxe que pretendeu “civilizar” os actos represivos levados a cabo pola xustiza militar e os seus consellos de guerra sumarísimos, agora substituídos por unha nova xurisdición especial que, a súa vez, ocupaba o lugar da Lei para a Represión da Masonaría e o Comunismo.

As actividades do TOP sobre cidadáns galegos e as súas repercusións sobre as súas vidas supón penetrar nun burato negro e profundo. A bibliografía sobre o tema é mínima e a historiografía sobre a represión franquista parece ficar detida na década dos anos sesenta. Semella indiscutíbel que aínda falta moito por desentullar daqueles anos escuros da Guerra Civil e a súa inmediata posguerra. Sempre resulta beneficiosa a aparición de novas monografías que aborden o terror político desatado nunha Galiza onde non houbo guerra, só persecución. Aínda queda moito por investigar. Mais iso non é suficiente e avanzar no estudo da represión durante os anos 1964 até 1976 axudará, sen dúbida, a comprender moitas cuestións vixentes na actualidade.

Sobre os efectos do TOP en Galiza, moi poucos ensaios abordan o asunto que aquí tratamos e cando o fan, a xurisdición especial aparece sempre dun xeito colateral. Por incríbel que semelle, inda non coñecemos a totalidade dos afectados por aquel tribunal franquista e non hai unha base de datos fiable que permita descubrir os nomes das vítimas, os sumarios e as sentenzas nas que se viron incurso, as penas recaídas, as multas impostas... así como as circunstancias que levaron a aqueles homes e mulleres de Galiza a enfrontarse coa ditadura pagando un custo persoal moi elevado. Botar luz sobre estes asuntos recuperando os nomes dos esquecidos é o obxectivo prioritario deste estudo.

Malia o dito, resulta obvio que unha monografía que aborde a conflitividade laboral na Galiza do ano 1972 terá, de maneira obrigada, que mencionar a represión exercida a través do TOP contra os traballadores disidentes. Tamén un estudo sobre o nacionalismo galego da segunda metade do século XX, especialmente dende 1963 –creación do Partido Socialista Galego– e 1964 –fundación da Unión do Povo Galego– implica analizar as actividades represoras do TOP. Algo semellante debería suceder se o historiador afonda na xénese das Comisións Obreiras galegas, do nacemento do Partido Comunista de Galicia, en 1968, ou na contestación dos estudantes universitarios e a súa protesta contra a ditadura.

Se volvemos ao inicio deste relatorio, vemos como ducias de homes e mulleres antifranquistas permanecen a día de hoxe soterrados no máis absoluto anonimato. Persoas que padeceron o rigor da detención policial, a instrución dun sumario xudicial e que escoitaron unha sentenza, moitas veces condenatoria, ditada no Pazo das Salesas¹⁶ de Madrid, sede do TOP. O silencio sobre aqueles que apostaron e loitaron por dereitos básicos e absolutamente irrenunciábeis debería rematar axiña por ignominioso. Dereitos negados entón como a asociación, a folga –equiparada á rebelión militar–, a reunión, a manifestación, a opinión e outros,

16 Situado nas dependencias do antigo Mosteiro das Salesas Reais, o edificio foi levantado en 1758 por mandato da raíña Bárbara de Braganza, dona de Fernando VI, para dar acubillo ás monxas da Orde de San Francisco de Sales. En 1870 converteuse en pazo de xustiza e hoxe acolle nas súas instalacións o Tribunal Supremo do Reino de España.

que moitas persoas menores de corenta anos poden pensar que sempre estiveron presentes, mais non foi así. En realidade, o réxime franquista perseguíunos con determinación durante toda a súa existencia e non tivo dúbidas en aplicar unha extrema violencia recorrendo ao garrote vil e ao fusilamento até o final dos seus días: Julián Grimau, Francisco Granados, Joaquín Delgado, Salvador Puig Antich, Xosé Humberto Baena, José Luis Sánchez-Bravo, Ramón García Sanz, Jon Paredes Manot e Anjel Otaegi son un claro e arrepiante exemplo do exposto anteriormente.

Este estudo vai encamiñado, xa que logo, á reparación de todos aqueles homes e mulleres vítimas do TOP nalgún momento da súa existencia. Tomamos como criterio de referencia os nados ou residentes en Galiza cando sucederon aqueles feitos co obxectivo de contribuír a encher un baleiro historiográfico inexplicábel, así como tamén a equipararmos cos outros territorios do Estado onde si foron realizados traballos semellantes ao presente¹⁷.

Así, algúns dos nomes aquí citados serán sobradamente coñecidos pois as súas traxectorias profesionais, políticas ou sociais fixeron deles persoeiros relevantes da vida pública do país, quer no eido cultural, quer no económico, universitario ou artístico. Iso deulles a oportunidade de relatar –ou calar– as súas experiencias ante o tribunal franquista que os xulgou. Velaí a Xosé Luís Méndez Ferrín, Nicanor Acosta Alonso, Manuel Amor Deus, Xaime Illa Couto, Rafael Báñez Vázquez, Xaime Quessada, Carlos Barros Guimeráns, Victoria Díaz Cabanela, Manuel Peña-Rey Bouzas, Xosé Chao Rego, Manuel Pillado Martínez, Xulio Aneiros, José Ignacio Fernández Toxo, Manuel Villares Creo...

Moitos deses nomes permitirannos coñecer as mecánicas represivas franquistas seguidas dende o TOP grazas ao estudo e a análise dos seus casos concretos, partindo das sentenzas recollidas nos sumarios incoados a cada un deles.

17 Carlos Fuertes Muñoz, José Alberto Gómez Roda, *El Tribunal de Orden Público en el País Valenciano: testimonios de la represión política y el antifranquismo*, Valencia: Fundación de Estudios e Iniciativas Sociolaborales CCOO-PV, 2011; Alfonso Martínez Foronda, Pedro Sánchez Rodrigo, Eloísa Baena Luque, *La resistencia andaluza en el Tribunal de Orden Público, 1963-1976*, Sevilla: Fundación de Estudios Sindicales-Archivo Histórico CCOO-A, 2014; Javier Tébar Hurtado (ed.), *Resistencia ordinaria: la militancia y el antifranquismo catalán ante el Tribunal de Orden Público (1963-1977)*, València, Publicacions de la Universitat de València, 2012.

Mais, como non sacar á luz os nomes dos traballadores, dos estudantes e de todos aqueles que tiñan en común arelas de liberdade? Por que non tentar reparar, aínda que minimamente, a Alberto Reverter, a Xosé Luis Alonso Castro, a Carme Graña Penedo, a Maximino Cacheiro, a Xesús Sanxuás Formoso, a Laura Freire, a Xosé García Puente, a Isabel López López, a Ramón Lorenzo Fernández e tantos outros?

A principal fonte de documentación e información para a elaboración deste estudo está conformada polo conxunto de sentenzas custodiadas no Centro Documental da Memoria Histórica de Salamanca e dispoñíbeis nun CD titulado *Las sentencias del Tribunal de Orden Público: TOPDAT, una base de datos para explotar*, editado no ano 2007 pola Fundación Abogados de Atocha de Madrid¹⁸. En realidade, esa base de datos constitúe o epílogo dunha obra fundamental, de obrigada consulta se queremos abordar cunhas mínimas garantías de coñecemento o percorrido do tribunal franquista: *El TOP: la represión de la libertad (1963-1977)*, escrito polo avogado e antigo maxistrado Juan José del Águila Torres.

Ninguén mellor que Del Águila (Torremolinos, Málaga, 1943) para analizar e expoñer que foi o TOP. Tras ser procesado, xunto ao seu pai, nun consello de guerra a principios do ano 1962 por desordes públicas, Juan José del Águila ingresou no PCE un ano máis tarde e licenciouse en Dereito en 1967. Entón, coñeceu de primeira man as entrañas daquel tribunal: primeiro como acusado por distribuír propaganda ilegal¹⁹, despois como avogado defensor de ducias de procesados polo TOP. O 24 de xaneiro de 1977, a fortuna estivo ao seu carón e non acudiu ao despacho de avogados da rúa de Atocha 55, onde aquela noite un grupo de pistoleiros fascistas disparou contra nove persoas inermes asasinando a cinco delas²⁰.

18 Agradezo á citada Fundación as facilidades dadas para a consulta da súa base de datos.

19 TOP (Madrid). Sumario 299/1968, sentenza n. 58. Juan José del Águila foi condenado a un ano de prisión que cumpriu nos cárceres de Alxeciras, Xaén, Madrid e Segovia.

20 Os asasinados foron os avogados Enrique Valdevira Ibáñez, Luis Javier Benavides Orgaz e Francisco Javier Sauquillo Pérez del Arco, o estudante de Dereito Serafín Holgado de Antonio e o administrativo Ángel Rodríguez Leal. Resultaron gravemen-

A finais de novembro de 1997 Del Águila leu a súa tese de doutoramento na Facultade de Dereito da Universidade de Sevilla. O traballo estivo dirixido por Francisco Muñoz Conde, catedrático de Dereito Penal, e Antonio Miguel Bernal, catedrático de Historia do Pensamento Económico. O presidente daquel tribunal foi Gregorio Peces-Barba.

Aquela tese de doutoramento foi publicada en outubro de 2001 pola editorial Planeta co título antes citado. Mais a historia deste libro merece ser resaltada pois, tan só catro meses despois da súa saída do prelo, o traballo desapareceu do mercado. Hoxe resulta imposible a súa adquisición. “Problemas de almacenaxe”, argumentou a editorial. O libro fora presentado no Colexio de Avogados de Madrid cunha nula publicidade. Non existiu promoción de ningún tipo; non apareceu citado en ningunha das moitas publicacións do Consello Xeral do Poder Xudicial; as asociacións profesionais da xudicatura (incluídas as progresistas) obviaron o texto... Silencio sepulcral en actitudes deliberadas para ocultar un pasado incómodo e molesto.

Agás, que saibamos, a sería recensión asinada por Javier Rodrigo Sánchez na revista *Spagna contemporanea*²¹, unicamente o pseudo-historiador Pío Moa criticou o libro, nas páxinas de *Libertad Digital*, nun artigo titulado “El TOP y la falsificación de la historia”²², dentro da sección “Peor libro de la semana”. Nós debemos considerar, á luz do personaxe, un feito laudatorio o traballo do malagueño. Sexa como for, a fría acollida do estudo de Juan José del Águila nos medios académicos, políticos, profesionais e xornalísticos, vén corroborar todo o exposto no inicio deste traballo: o descoñecemento do TOP non é casual e responde, por un lado, á salvagarda duns intereses particulares –os dos que foron cómplices da ditadura– e, por outro, á insensibilidade amosada para coas vítimas do franquismo polas institucións públicas e democráticas que deberían promover a verdade, a xustiza e a reparación.

te feridos Miguel Sarabia Gil, Alejandro Ruiz-Huerta Carbonell, Luis Ramos Pardo e Dolores González Ruiz.

21 Javier Rodrigo Sánchez: “Juan José del Águila. *El TOP: la represión de la libertad (1963-1977)*”, en *Spagna contemporanea*, 2002, n. 22, pp. 295-297.

22 Recuperado de: <http://www.libertaddigital.com/otros/revista/articulos/27116542.htm>.

Para finalizar, xunto ás sentenzas, debemos sinalar que foron utilizadas diversas fontes de hemerotecas e cabeceiras de xornais –legais ou clandestinas– para completar a investigación que agora presentamos, ademais da bibliografía citada ao final deste traballo. Un ensaio que non sería posíbel sen as achegas, consellos e pulos que desinteresadamente ofreceron Eliseo Fernández, Dionísio Pereira, Emilio Grandío, Bernardo Máiz, Carlos Barros, Uxío-Breogán Diéguez, Afonso Ribas, Carlos Velasco Souto, Claudio Rodríguez Fer, Antón Figueroa, Xosé Manuel Salgado, Sandra Vilaseco, Luis Lorenzo, Alfonso Parada, Nacho López Nieto, Xavier del Valle-Inclán, Francisco Nanín e, especialmente, Nuria. A todos, a miña sincera e infinita gratitude coa constatación de que os erros son só da miña autoría.